



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE PADRÓN PARA A HUMANIZACIÓN INTERIOR DO NÚCLEO URBANO DE PADRÓN.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Padrón, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2018 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Padrón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Padrón, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “**humanización interior do núcleo urbano de Padrón**”.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Padrón trata de promover unha actuación consistente na “**humanización interior do núcleo urbano de Padrón**”.

As actuacións a levar a cabo consisten no seguinte:





5.1.- Pavimentos no barrio da Trabanca do casco urbano de Padrón; as zonas contempladas son as seguintes:

- a) Rúa Santiago e Cantón da Leña: Formación de beirarrúas.
- b) Praza da Barca: renovación do pavimento

5.2.- Equipamento, preténdese a colocación do seguinte mobiliario urbano:

- 30 unidades de papeleira con cuba cilíndrica embutida e poste, de aceiro galvanizado, de 60 milímetros de diámetro, imprimación epoxi e pintura poliéster en po negro forxa, con cinseiro de aceiro con imprimación epoxi e pintura poliéster en po negro forxa.
- 30 unidades de banco formado por estrutura, pes e respaldo de fundición dúctil con imprimación epoxi e pintura cor negra forxa e asento de listóns de madeira tratada en autoclave para clase de uso IV (segundo norma UNE-EN 335), de deseño e dimensións semellantes aos bancos existentes no lugar.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, María Encarnación Rivas Diaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Documento asinado dixitalmente

